

Axudas para financiar estancias de persoal investigador visitante senior

1. OBXECTO

Esta acción pretende atraer ao Campus Industrial de Ferrol persoal investigador de centros estranxeiros de prestixio excepcional, con obxecto de impulsar a internacionalización, estimulando a colaboración científica entre eles e o persoal investigador do Campus Industrial de Ferrol. Tamén se pretende fomentar o intercambio e actualización de coñecementos entre as persoas investigadoras do Campus Industrial de Ferrol e a persoa investigadora visitante.

O obxectivo é ademais que destas colaboracións poidan resultar actividades investigadoras que se concreten en proxectos de investigación e publicacións de alto impacto, á vez que se amplíe a oferta formativa do Campus Industrial de Ferrol en áreas de recoñecemento internacional que supoñan un alto valor engadido para a nosa universidade.

Para iso convócanse para cubrir os gastos de viaxe e estancia da persoa investigadora. As visitas deben ter unha duración mínima de un mes e máxima de seis.

2. FINANCIAMENTO

O financiamento desta convocatoria, por un importe máximo de 30.000 €, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 090044F100 do orzamento do Campus Industrial de Ferrol para o ano 2023 (con tramitación dos gastos na partida económica correspondente).

As axudas comprenderán dous conceptos: a axuda para a estancia, destinada aos gastos de aloxamento e manutención, e a axuda para a viaxe, destinada aos gastos da viaxe.

O importe da axuda para a estancia (aloxamento e manutención) mensual será como máximo de 1800 €.

O importe da axuda da viaxe (ida e volta) será de ata 600 € para países do espazo europeo e ata 1200 € para países do resto do mundo. A viaxe debe realizarse, preferentemente en medios públicos de transporte e en clase turista.

Estes importes, tanto da axuda de estancia como do desprazamento, abonarase previa xustificación do importe dos gastos.

3. REQUISITOS

As solicitudes deben ser realizadas pola persoa investigadora doutora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol coa que a persoa visitante desenvolverá tarefas de investigación que, para poder participar nesta convocatoria, deberán estar adscritas ao CIF e poderán ser membros permanentes ou non permanentes. As persoas solicitantes dispoñerán de conta ORCID activa. No momento da aprobación da axuda as persoas solicitantes deberán ter o perfil SUXI actualizado (ou na súa falta presentarán CV detallado actualizado).

A persoa visitante debe:

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	1/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Ser profesor ou investigador no estranxeiro con título de doutor desde hai máis de 10 anos e acreditar a suficiente experiencia docente-investigadora.
- Residir e desenvolver a súa profesión de maneira habitual nun país estranxeiro.

Estas axudas están destinadas a cubrir total ou parcialmente os custos de viaxe, aloxamento e manutención de persoal investigador excelente de institucións estranxeiras, con motivo da realización dunha estancia de investigación no Campus Industrial de Ferrol.

As datas de realización da visita estarán comprendidas entre o 01 de maio e o 30 de outubro de 2023 (debido ao período de xustificación da axuda e os prazos internos de tramitación).

Os mesmos gastos que se imputen a esta axuda non poderán ser xustificadas noutros proxectos, fondos, etc.

4. SOLICITUDE

A solicitude de axuda realizaraa a persoa investigadora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol enviando a documentación requirida (Anexo I) ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal . Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días desde a data de publicación desta convocatoria na páxina web do Campus Industrial de Ferrol.

As solicitudes serán resoltas a medida que vaian chegando aínda que non rematase o prazo de presentación, de xeito que serán concedidas todas aquelas que cumplan os requisitos mínimos establecidos no apartado 5.

5. SELECCIÓN

As solicitudes deberán identificar con claridade persoas investigadoras de moi alto nivel, cuxas liñas de investigación sexan de referencia na súa área e estean relacionadas directamente cos ámbitos estratéxicos do Campus Industrial de Ferrol, que son os seguintes:

- Robótica industrial.
- Materiais.
- Optimización de procesos industriais.
- Enxeñería naval e offshore.
- Xestión industrial.
- Desenvolvemento de produto.

A valoración das solicitudes realizarase tendo en conta que demostre evidencia dos seguintes aspectos:

- Os méritos científicos que sexan relevantes e suficientes para ser unha persoa investigadora sénior nas liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol: robótica,

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	2/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



materiais, xestión de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento de produto.

- Excelencia investigadora dos seus centros de procedencia.
- Calidade da actividade investigadora proposta vinculada ás persoas investigadoras do Campus Industrial de Ferrol, é dicir, nas liñas estratéxicas do Campus Industrial de Ferrol: robótica, materiais, xestión de procesos industriais, enxeñería naval e offshore, xestión industrial e desenvolvemento de produto.
- Carácter estratéxico da colaboración científica prantexada. Valorarase a aportación de accións futuras conxuntas; solicitude de proxectos, artigos conxuntos, etc...

6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas segundo os requisitos e criterios expostos nesta convocatoria, por unha Comisión de Selección composta polas seguintes persoas:

- a) María Jesús Movilla Fernández, vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- b) Ana Isabel Ares Pernas, directora do Campus Industrial de Ferrol.
- c) Armando José Yáñez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade
- d) María Eugenia Díaz Caneiro, técnica de internacionalización do Campus Industrial de Ferrol.

A Comisión poderá solicitar información adicional á persoa visitante no caso de que o considere necesario.

As solicitudes iranse resolvendo a medida que cheguen e ata o peche da convocatoria.

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

As solicitudes resolveranse a medida que se reciban en función do cumprimento ou non dos requisitos establecidos na convocatoria. A resolución comunicarase por correo electrónico á persoa solicitante e tamén na páxina web do CIF.

8. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito redactado conforme o modelo Anexo II. En caso de aceptación deberán presentar a seguinte documentación:

- Xustificante bancario de número de conta.
- Copia de pasaporte.
- Impreso de alto de terceiros ([Sede electrónica da UDC - Detalles do trámite](#))

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días hábiles, que contarán a partir da comunicación por correo electrónico. De non aceptar neste prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	3/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



A aceptación da axuda implica a aceptación das condicións de execución, obrigacións e xustificación, segundo o establecido na presente convocatoria.

9. OBRIGACIÓNS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigacións das persoas beneficiarias desta axuda:

1. Participar de forma activa en actividades científicas encamiñadas a establecer consorcios para presentación de propostas de investigación en convocatorias oficiais, participar na realización de artigos científicos para a súa publicación en revistas de alto impacto, impartir conferencias no Campus Industrial de Ferrol, tanto de carácter docente como de carácter investigador, etc.
2. A persoa visitante terá a responsabilidade de tramitar o seu visado e seguro médico ou de responsabilidade civil (se procede).
3. As persoas beneficiarias deben mencionar ao Campus Industrial de Ferrol, seguindo as instrucións de filiación do Manual de identidade corporativa do Campus Industrial de Ferrol, que se poden atopar na páxina web do mesmo en todas as publicacións derivadas desta axuda.
4. Tras a realización da estancia, e no prazo máximo de 20 días naturais tras a mesma, a persoa investigadora beneficiaria da axuda deberá enviar ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal a ficha do Anexo IV cuberta que corresponde a unha breve memoria das actividades desenvolvidas, xunto cos xustificantes económicos pendentes de entrega.

O incumprimento destas obrigacións dará lugar á perda do dereito á axuda e á obrigación de devolución da mesma.

10. PAGO

O pago dos gastos correspondentes a aloxamento, manutención e viaxe realizarase unha vez fíxese chegar a internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal copia dos documentos acreditativos dos gastos correspondentes, isto é factura de hotel, billetes de avión, autobús, tickets de autoestrada, facturas de taxi, segundo corresponda. Unha vez presentada esta documentación realizarase un pago mensual a mes vencido que finalizará o último de mes de estancia coa liquidación da viaxe de regreso ao lugar de orixe da persoa adxudicataria e tras a presentación dos correspondentes xustificantes.

11. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigacións establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, establézanse nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade.

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	4/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



12. COMPATIBILIDADE E RENUNCIAS

Esta axuda é incompatible con calquera outra complementaria o mesmo fin.

A desadscripción ao Campus Industrial de Ferrol no prazo de execución desta axuda das persoas investigadoras que formulasen a solicitude, dará lugar á cancelación da axuda.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tal taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tal dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001 da Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Dª María Jesús Movilla Fernández

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	5/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I
Solicitud de axuda para financiar estancias de persoal investigador de institucións estranxeiras

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
NIF		ORCID	

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA	
<input type="checkbox"/>	CVA da persoa solicitante (en caso de non ter actualizado o SUXI)
<input type="checkbox"/>	Fotocopia pasaporte /documento de identidade da persoa visitante
<input type="checkbox"/>	Documento acreditativo de vinculación co centro de procedencia
<input type="checkbox"/>	CV da persoa investigadora que realizará a estancia (últimos 10 anos)
<input type="checkbox"/>	Autorización do centro de procedencia
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do documento acreditativo do grao de doutor da persoa investigadora estranxeira
<input type="checkbox"/>	Memoria sobre o centro do que procede a persoa visitante

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA VISITANTE	
Nome e apelidos	
Entidade de procedencia	
País de procedencia	

PROPOSTA DA INVESTIGACIÓN A REALIZAR DURANTE A ESTANCIA	

<input type="checkbox"/>	SI	Autorizamos a publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, conforme ao que establece a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
<input type="checkbox"/>	NON	

Data	
-------------	--

Firma da persoa solicitante	Firma da persoa investigadora invitada

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	6/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo II
Aceptación ou renuncia

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA DO CIF RESPONSABLE DA INVITACIÓN			
Nome e apelidos		NIF	

Ao aceptar a axuda, o abaixo asinante:

- Declarar que coñece, cumpre e acepta as condicións da axuda que se lle concedeu.
- Comprométese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estimou merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido en caso de incumprimento.

<input type="checkbox"/>	Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.

Asina

Data

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	7/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo III
Memoria de fin de actividade

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA VISITANTE			
Nome e apelidos		Nº pasaporte	
Institución de procedencia			
País de procedencia			
Datas	Inicio		Fin

BREVE DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN DESENVOLVIDA

RESULTADOS OBTIDOS GRAZAS Á REALIZACIÓN DA ESTANCIA FINANCIADA POR ESTA CONVOCATORIA

Firma da persoa beneficiaria

Data

Código Seguro De Verificación	zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social - María Jesús Movilla Fernández	Asinado	08/05/2023 09:43:56
Observacións		Páxina	8/8
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/zjpL0JyuBfVfKlYrRHK59Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

